

## I Xornada de Literatura e Cinema: «Unha literatura en imaxes»

Amigas e amigos,  
Señor Concelleiro de Cultura do Concello da Coruña.

Esta Xornada, que refunda dalgún xeito os [Encontros Cidade da Coruña](#), dá tamén continuidade ao [Simposio](#) celebrado na cidade de Pontevedra conxuntamente cos escritores e xentes do cinema portugués no ano 2007, e onde falamos da relación entre a linguaxe literaria e a cinematográfica, dos puntos que xonguen ou separan cinema e literatura e mais dos novos formatos audiovisuais e a súa influencia na linguaxe literaria.

Poucas artes teñen alimentado tanto a literatura como o cinema, e poucas as artes son tan debedoras da literatura. No caso do cinema galego é un camiño aínda por andar.

A experiencia vital que supuxo e supón o cinema para tantas autoras e autores fixo que fosen incorporada coa mesma forza que outras experiencias visuais que conforman poéticas e estéticas como parte indelével de comunicación e de coñecemento do ser humano.

O cinema como construción estética e literaria é o territorio onde o espectador pecha un ciclo que se inicia cun guión e abre outros no que o escritor, como espectador, recibe e traslada á escrita co seu alento creador.

Cantos libros naceron de ollar unha película e cantas películas naceron de ler un libro.

O lector-espectador e o creador, sexa de cinema ou de literatura, son parte do mesmo proceso de creación.

O mesmo que existe o poema como construción da realidade imaxinada, que mesmo é máis real que a realidade "real", así o cinema constrúe realidades soñadas que acaban sendo parte da realidade.

A literatura e o cinema, en fin, complementáanse, axudan a coñecérmonos e coñecer a nosa realidade, mesmo como realidade imaxinada que, como dicía, acaba tendo capacidade transformadora da realidade da que bebeu na súa orixe e que, como nunha espiral infinita, se alimenta e alimenta o devir da historia, a que vive e intervén na construción de cada presente.

Cesáreo Sánchez Iglesias  
Presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega  
A Coruña, 28 de novembro de 2015